

## ACTA Nº 5 DA MESA DE CONTRATACIÓN.

### CONTRATO “RECUPERACIÓN DUN ÁMBITO SOCIAL : ANTIGO CAMPO DA ATALAIA. REFORMULACIÓN DA RÚA ATALAIA”.

#### ASISTENTES:

##### Presidente:

- D. José Luis Oujo Pouso (Alcalde-Presidente).

##### Vogais:

- D. Antonio Romero Ribeiro (Concelleiro D. Promoc. Económica).
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Mar Lirola Delgado (interventora do Concello).
- D. José Manuel González García (secretario do Concello).

##### Secretaria:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Monzón Rodríguez (auxiliar administrativa do Concello).

**HORA DE INICIO:** 11:45 horas.

**HORA DE REMATE:** 11:55 horas.

Nas dependenzas da Alcaldía do Concello de Porto do Son, o **18 de outubro de 2017**, reúnese o órgano de negociación designado no procedemento para adxudicar o contrato de obra “Recuperación dun ámbito social: Antigo Campo da Atalaia. Reformulación da rúa Atalaia” (cláusula 15<sup>a</sup> do prego de cláusulas administrativas particulares), coa asistencia dos vogais que se relacionan á marxe, ao obxecto de tratar os asuntos que se indican a continuación:

Non asiste D<sup>a</sup>. María José Maneiro Quintáns, Concelleira Delegada de Facenda.

Verifícase o cumprimento do quorum esixido pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### ÚNICO.- Proposta de adxudicación do contrato de obra “Recuperación dun ámbito social: Antigo Campo da Atalaia. Reformulación da rúa Atalaia.

Por indicación do Sr. Alcalde- Presidente, o secretario dá conta do informes de data 11/10/2017 emitido pola arquitecta municipal do Departamento de Urbanismo e no que se avalía a xustificación da oferta realizada polo empresario ESPINA&DELFÍN, SL., logo de ser requirido pola Alcaldía, debido aos valores anormais ou desproporcionados que presenta e que a fan incorrer en temeridade, e nos que se conclúe:

#### **“Conclusión:**

*Na opinión da técnico que subscribe, a documentación aportada por Espina&Delfín, S.L., non xustifica a oferta económica presentada, en base ao exposto no presente informe, que se resume en:*

- *Non quedan xustificadas todos os prezos ofertados, proponendo baixas nalgúns materiais que están sen xustificar en base ás ofertas dos provedores presentadas.*
- *Falta xustificación do custo dalgúns elementos de maquinaria.*
- *Non establece a relación existente entre as obras contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón, aos efectos de ver como incide esta relación nos prezos ofertados.*
- *Non aporta documentación que xustifique a relación entre custos laborais fixos e volume de obra en execución, na forma que esixe o apartado 3 da cláusula 15.4.3 do prego.*

*O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outra mellor fundada.*

*O órgano competente adoptará o acordo que estime oportuno.”*



Visto canto antecede, o órgano de negociación, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Declarar desproporcionada ou anormal a oferta presentada polo empresario ESPINA & DELFIN, SL. e propor ao órgano de contratación o seu rexeitamento e exclusión do procedemento de contratación, de conformidade co previsto nos arts. 152 TRLCSP e 22.1 f) do RD 817/2009, do 8 de maio.

**Segundo.-** Clasificar, por orde decrecente de puntuación, as proposicións dos licitadores admitidos na licitación do contrato de obra "Recuperación dun ámbito social: Antigo Campo da Atalaia. Reformulación da rúa Atalaia", segundo se indica a continuación:

| ORDE | LICITADOR                                      | PUNTUACIÓN |
|------|--|------------|
| 1    | GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, SLU      | 85,90      |
| 2    | ALCOMTE GALICIA, SL                            | 85,13      |
| 3    | EXCAVACIONES DARÍO, SL                         | 82,72      |
| 4    | CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, SL              | 82,18      |
| 5    | OBRAS Y VIALES GALICIA, SL                     | 81,44      |
| 6    | EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA       | 80,40      |
| 7    | EXCAVACIONES AGRA CASTRO, SL                   | 78,22      |
| 8    | SYR-AMG, SLU                                   | 76,90      |
| 9    | COVIASSTEC, SL                                 | 76,42      |
| 10   | MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUC. DE AROSA, SL | 76,05      |
| 11   | CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL               | 74,40      |
| 12   | CYS HISPANIA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, SL    | 73,74      |
| 13   | CONSTRUCCIONES D. OGANDO, SL                   | 72,03      |
| 14   | JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, SL                    | 69,81      |
| 15   | CONSTRUCCIONES OÑIAL, SL                       | 69,80      |
| 16   | ABACO SERCOIN, SL                              | 68,33      |
| 17   | ARINES OBRAS Y PROYECTOS, SL                   | 66,32      |
| 18   | TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS, SL                 | 63,44      |
| 19   | VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, SL                 | 56,04      |
| 20   | CONSTRUCCIONES FERMÍN SIMAL, SL                | 52,10      |
| 21   | EXCAVACIONES NIMA, SL                          | 51,59      |
| 22   | TARRÍO Y SUÁREZ, SL                            | 41,80      |
| 23   | OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, SL               | 41,42      |

**Terceiro.-** Elevar á Alcaldía- Presidencia, en canto órgano de contratación, proposta para a adxudicación do contrato de obra "Recuperación dun ámbito social: Antigo Campo da Atalaia. Reformulación da rúa Atalaia" a favor do empresario GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, SLU., de conformidade coa clasificación das proposicións efectuada.

Porto do Son, 18 de outubro de 2017.

**Presidente,**

**Vogal,**

**Vogal,**

D. José Luis Oujo Pouso.

D. Antonio Romero Ribeiro.

D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup> Mar Lirola Delgado.

**Vogal,**

**Secretaria,**

D. José Manuel González García.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Mónzón Rodríguez.